

# Día das Letras Galegas

María Mariño, 2007

María Mariño foi, por moitos motivos, unha escritora singular. Entre os episodios bioliterarios que protagonizou cómpre lembrar unha iniciativa tan pouco divulgada coma singular: xunto co tamén creador Uxío Novoneyra e mais con Ramón Regueira escribiu un poema colectivo, poema a tres mans que constitúe a primeira mostra como tal de “cadáver exquisito” nas nosas letras.

Este xénero, nacido no París dos surrealistas en 1925 e que debe o

mesa chamado “consecuencias”, que se adaptou facendo que nun papel se escribise (ou se pintase, pois tamén hai mostras plásticas deste xénero) entre varios un ensamblado de versos nos que os participantes van intervindo alternativamente sen saberen uns da escrita previa dos outros, que fica oculta tras dobreces operadas ao efecto no papel común no que van creando o poema.

Esa mesma estratexia é a que seguiron María Mariño, Novoneyra e Ramón Regueira, que escri-

ESPÍRITO LÚDICO  
E CREATIVO  
DESTA AVENTURA  
SEGUE  
FELIZMENTE VIVO  
ENTRE NÓS

do o ceo”, é continuada por María Mariño e Ramón Regueira, nesta orde, que se repite invariablemente ata en seis ocasións. O

mico, onde o alentar existencial e a osmose coa atmosfera estacional e o substrato paisaxístico definen unha autopoética de xorne ben característico.

Esta experiencia de escrita grupal non tería –cando menos publicamente– moito seguimento entre nós. De feito, houbo que esperar ata a chegada dos Rompente nos 70 para que o seu cultivo volvese tomar pulo nos, agora si, numerosos poemas mancomunados que este colectivo asinou.



ELI REGUEIRA

## Aventura courelá

seu nome ao verso inicial da primeira composición que se realizou con tal técnica (“Le cadavre exquis boira du nouveau vin”), foi moi cultivado por escritores da vangarda francesa como Robert Desnos, Paul Eluard, André Breton ou Tristan Tzara. Doutra parte, na tradición española e hispanoamericana tamén tivo certo éxito, pois poetas como Lorca ou Neruda (que os chamaban “poemas al alimón”) chegaron a prestarlles atención, mesmo Nicanor Parra e Huidobro tamén se atreveron con estes, aos que denominaban “quebrantahuesos”.

Como técnica compositiva o cadáver exquisito non é senón unha derivación dun vello xogo de

*Unha poeta mancomunada*

ARMANDO REQUEIXO

biron o seu cadáver na Casa Grande de Parada do Courel o 26 de novembro de 1966. No seu caso, o poema foi felizmente recuperado para o público e figura exhumado no número 46 da revista *A trabe de ouro*, onde se editou no 2001 baixo o título de “Poema a tres voces”.

A composición, que inicia Novoneyra co verso “Zoa a terra sombra branca pecha de fius pingan-

resultado é un poema de corenta e tres liñas versais –pois non sempre interviñan cos mesmos versos cada un deles– que, tal como querían os iniciadores do xénero e estudiosos posteriores como N. Calas ou Ernest, consegue revelar o inconsciente creativo dos participantes e, o que é máis importante, unha patente comunitade tanto espiritual coma escritural que se transparenta nun semellante pulsar telúrico e cós-

Ora ben, o espírito lúdico e creativo da aventura courelá segue entre nós e o seu herdo foi recollido polos poetas máis novos, ducias dos cales participaron na recente iniciativa de cibercadáver proposta en Rede ([www.agal-gz.org/blogs/index.php?blog=10](http://www.agal-gz.org/blogs/index.php?blog=10)) por Igor Lúgrís, que frutificou xa en preto dun cento de composicións, logo tamén abertas ao público no Expo-Cadáver que a finais de marzo se inaugurou en Ponferrada.

Velaí como nunca máis vivo estivo este cadáver, que segue a ser exquisito para calquera padal literario e que confirma, como escribía naquel afastado 1966 M. Mariño, que “lúa sempre hai/ o que fai falla é a luz que non se apaga anos dela”.